

DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERRATAS: Para facer constar que as bases de alleamento que rexen na **OFERTA PÚBLICA DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL PROPIEDAD DE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR,S.A., MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA, POR TER QUEDADO VACANTES NO ÚLTIMO CONCURSO DE VENDAS CONVOCADO POLO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN EN DATA 23.06.22 (PARCELAS VACANTES NOS PARQUES EMPRESARIAIS DE AS GÁNDARAS, A SIONLLA, CARBALLO, PEREIRO DE AGUIAR,** publicadas na páxina web da sociedade en **data 03.10.22, conteñen un erro que e preciso corrixir,** dado que nas mesmas omitíronse por erro os puntos **2.5 e 2.6,** que **se transcriben a continuación,** co mesmo tenor literal do texto das devanditas bases aprobadas polo Consello de Administración de Xestur en data 11.02.2022. O que se fai constar aos efectos de que se teña por corrixido o erro padecido, publicándose a presente dilixencia na páxina web de Xestur, S.A. con esta mesma data.

En Santiago, a 4 de outubro de 2022

O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

2.5.- REGRAS ESPECIAIS PARA AS SOLICITUDES DE COMPRA DE PARCELAS NO ÁMBITO DA FASE II DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS (LUGO).

Dado que se ten detectado demanda de parcelas pequenas neste ámbito, para destinalas a actividade propia, e co fin de facilitar o acceso ás mesmas do maior número de licitadores, deberán terse en conta as limitacións que se indican a continuación:

- As solicitudes de parcelas comprendidas dentro deste ámbito só poderán ter por obxecto DÚAS PARCELAS, como máximo.
- Asemade, as parcelas comprendidas dentro deste ámbito non poderán destinarse á construción de edificacións para o aluguer das mesmas a terceiros, de conformidade co previsto no apartado II.2.2 do presente prego de bases, polo que as solicitudes de parcelas comprendidas no citado ámbito para ser destinadas a esta actividade serán desestimadas.

2.6.- REGRAS ESPECIAIS PARA AS SOLICITUDES DE COMPRA DE PARCELAS FUTURAS NO ÁMBITO DA FASE III DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS (LUGO), PENDENTE DE URBANIZAR

2.6.1.- Obxecto: Parcelas futuras incluídas no ámbito da Fase III do Parque Empresarial de As Gándaras, pendentes de urbanizar.

2.6.2.- Fianza e forma de pago do prezo:

-Fianza: 5% do prezo da parcela. Deberá depositala no prazo previsto na convocatoria do concurso de venda.

-Pago do 20% do prezo (máis o IVE correspondente a ese 20%), no prazo de 15 días naturais dende que se lle comunique a adxudicación da parcela.

-Pago do 80% restante do prezo (máis o IVE correspondente), no momento da formalización da escritura pública de compravenda. Nese momento farase a devolución da fianza do 5% ao adxudicatario.

2.6.3.- Condicións de adxudicación:

-Dado que se ten detectado demanda de parcelas pequenas neste ámbito, para destinalas a actividade propia, e co fin de facilitar o acceso ás mesmas do maior número de licitadores, deberán terse en conta as limitacións que se indican a continuación:

- As solicitudes de parcelas comprendidas dentro deste ámbito só poderán ter por obxecto DÚAS PARCELAS, como máximo.



- Asemade, as parcelas comprendidas dentro deste ámbito non poderán destinarse á construción de edificacións para o aluguer das mesmas a terceiros, de conformidade co previsto no apartado II.2.2 do presente prego de bases, polo que as solicitudes de parcelas comprendidas no citado ámbito para ser destinadas a esta actividade serán desestimadas.

-A adxudicación das parcelas queda condicionada á execución das obras de urbanización, así como ao cumprimento dos restantes requisitos para que as parcelas acaden a condición de soar.

-A entrega das parcelas adxudicadas terá lugar antes do día **30 de xuño de 2023**, mediante a formalización da correspondente escritura pública de compravenda. Non obstante, se por calquera causa, as parcelas non puidesen ser entregadas antes da devandita data, os adxudicatarios destas poderán renunciar á súa adquisición. Nese caso, procederase á devolución das cantidades entregadas, con aboamento dos intereses correspondentes, ao tipo do xuro legal.

-Para o caso de que o adxudicatario desistira sen causa da adxudicación, ou non ingresara a parte prevista do prezo no momento da adxudicación, ou non comparecera á formalización da escritura de compravenda cando fora citado para elo, perderá a fianza depositada, quedando sen efecto a adxudicación.